

**ANUNCIO DE CONTRATACIÓN****Expediente : 2023/007-P2****1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN**

<b>Entidade contratante</b>	<b>Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros-Noia. Costa Sostible</b> CIF: G-70.196.225
<b>Información de contacto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Enderezo:</b> Rúa Espírito Santo, 4 15.200 - Noia (A Coruña).</li> <li>▪ <b>Teléfonos:</b> 981 822 754 / 638033467</li> <li>▪ <b>Correo electrónico:</b> <a href="mailto:galp.mar.costasostible@xunta.gal">galp.mar.costasostible@xunta.gal</a></li> <li>▪ <a href="https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia/licitacions">https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia/licitacions</a></li> </ul>

**2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO**

<b>Tramitación</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urgente		
<b>Procedemento</b> (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar)	<input checked="" type="checkbox"/> Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado.		
<b>Subdivisión en lotes</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<b>Admisión de prórroga</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
<b>Admisión de variantes e/ou melloras</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Si, SÓLO AS ESPECIFICADAS <input type="checkbox"/> Non	<b>Admisión de subcontratación</b>	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non

### 3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

<b>Tipo de contrato</b>	Contrato de Servizos
<b>Descrición da licitación</b>	Servizo pericial para a avaliación económica e técnica dos proxectos tecnolóxicos ou informáticos con custo superior a 10.000 € e avaliación do cumprimento da normativa de accesibilidade e revisión da execución dos mesmos, presentados ao abeiro da ORDE do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (código de procedemento PE155A).
<b>Prazo de execución</b>	O prazo para a execución dos traballos iniciarase ao día seguinte da formalización do contrato, e terá a duración dun ano, podendo ser prorrogable anualmente previo aviso da entidade contratante, como data limite o 31 de decembro de 2026. A prórroga do contrato será obrigada para o contratista.
<b>Calendario para a prestación dos servizos</b>	Iniciarase ao día seguinte da formalización do contrato e atenderá ao plan de traballo que aparece especificado nos pregos técnicos.
<b>Requisitos de Solvencia Técnica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estar en posesión da titulación superior ou técnica de Ciencias informáticas ou equivalente.</li> <li>- Estar inscrito no catálogo de peritos do colexio profesional correspondente.</li> </ul> <p>Os distintos adxudicatarios acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o servizo, acreditando experiencia na realización do servizo que se oferta nos últimos tres anos coa realización</p>

	<p>dun mínimo de 5 informes de avaliación técnica e económica segundo prezos de mercado. Dita experiencia acreditarase cun certificado emitido polas distintas entidades contratantes.</p> <p>No caso de que o licitador sexa unha sociedade e non un autónomo, deberá asignar un único técnico para o desenvolvemento do traballo que estará suxeito aos requisitos expostos.</p>
<b>Requisitos solvencia Económica</b>	<p>Acreditarán a súa solvencia económica para desenvolver o contrato mediante mediante xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 1,5 veces o valor estimado do contrato (11.880,00 €).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II A que acompaña a estas bases.</li> <li>•Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.</li> </ul>

#### 4. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN E VALORACIÓN

<b>Criterios de adjudicación</b>	Oferta mais vantaxosa
<b>Criterios avaliados de xeito automático</b>	<p>Para a valoración das ofertas presentadas atenderase aos seguintes criterios:</p> <p><b>a) Oferta económica: ( máximo 90 puntos ).</b></p>

	<p>Valoraranse con cero puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adjudicación o orzamento base máximo de licitación establecido neste Prego.</p> <p>Valorarase con 90 puntos a oferta que propoña o mellor prezo de entre as ofertas admitidas.</p> <p>Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas admitidas realizarase mediante un cálculo proporcional utilizando a seguinte fórmula:</p> <p><b>Puntos a = 90 x ([Pm - Pa] / [Pm - Pb])</b></p> <p><b>Sendo:</b></p> <p><b>Puntos a = puntuación valoración económica da oferta “a”</b></p> <p><b>Pm = orzamento base máximo de licitación (sen IVE)</b></p> <p><b>Pa = prezo da oferta “a” (sen IVE)</b></p> <p><b>Pb = prezo da oferta máis baixa das admitidas (sen IVE)</b></p> <p><b>Para a determinación da oferta económica terase en conta a suma total dun mínimo de 3 informes de cada tipoloxía especificada.</b></p> <p>Quedarán excluídas do procedemento de adjudicación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.</li> <li>b) Aquelas ofertas cuxo prezo sexa mais dun dez por cento inferior á media das ofertas presentadas no caso de tres ou mas licitadores ao considerarse baixa temeraria. No caso de dous licitadores considerárase baixa temeraria</li> </ol>
--	---

aquela oferta que estea por debaixo do 20% da media das ofertas presentadas.

**c) Melloras ao prego: (10 puntos):**

Valorarase como mellora o compromiso de asesoramento ao equipo técnico do Galp na aplicación dos criterios de valoración do punto 15: **Investimentos en dixitalización e modernización tecnolóxica do apartado apartado C4.Compromiso coa competitividade e innovación da Edlp do Galp Costa Sostible que poderán descargarse no seguinte enlace <https://costasostible.com/wp-content/uploads/2023/03/EDLP-2027-Criterios-Valoraci%C3%B3n.pdf>.**

O contrato adxudicarase ao licitador con maior puntuación segundo os criterios especificados no apartado anterior, no caso de empate nas puntuacións atenderase a

atenderase a:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no cadro de persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal de cada unha das empresas.

	d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dera lugar a desempate.
<b>Criterios avaliábeis mediante xuízo de valor</b>	Non hai

## 5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

<b>Valor estimado do contrato</b>	6.600,00 € (IVE excluído)	
<b>Orzamento de licitación</b>	Importe base de licitación	Informes de viabilidade: 300,00 € Informes de revisión: 200,00 €
	IVE (21%)	Informes de viabilidade: 63,00 € Informes de revisión: 42,00 €
	Importe total de licitación	Informes de viabilidade: 363,00 € Informes de revisión: 242,00 €
<b>Financiamento</b>	<p>A presente contratación realizarase no marco do Programa FEMPA 2021-2027 para a aplicación das EDLP do Galp estará financiado nun 70% polo FEMPA en un 30% pola Comunidade Autónoma.</p> <p><i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i></p>	

## 6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

<b>Lugar de presentación</b>	As propostas poderán ser remitidas por correo postal ao Apdo. de Correos, 20 (15.200 – Noia) ou presentadas nas oficinas do GALP Costa Sostible, situadas no seguinte
------------------------------	---

	<p>endereço: Rúa Espírito Santo, 4 (15.200 – Noia) , en horario de 8:30h a 15:00h, días laborables, de luns a venres.</p> <p>No caso de ser presentadas por correo certificado, sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación dentro do prazo de presentación das ofertas por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico.</p> <p><a href="mailto:galp.mar.costasostible@xunta.gal">galp.mar.costasostible@xunta.gal</a></p> <p>Deberase presentar un total de dous sobres pechados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Sobre A: “Documentación xeral”.</li> <li>-Sobre C: “Criterios avaliados de forma automática”</li> </ul>
<b>Prazo de presentación</b>	<p>O prazo de presentación será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio de licitación na web: <a href="https://galp.xunta.gal/">https://galp.xunta.gal/</a> <b>rematando o vindeiro 13 de novembro.</b></p> <p>Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.</p>

**NOTA:** Este anuncio é meramente informativa sen ningunha validez xurídica, as empresas interesadas deberán dirixirse aos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que regulan a contratación deste procedemento publicados no taboleiro de anuncios do GALP e en [www.galp.xunta.gal](http://www.galp.xunta.gal)